



Concello de A Pobra do Caramiñal

PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO

Antecedentes de feito

En data 25 de maio de 2017, o Pleno da Corporación aprobou o inicio do procedemento de revisión de oficio de actos nulos contra varios nomeamentos como fillo adoptivo deste Concello, a saber:

- Nomeamento como fillo adoptivo da vila de D. Segundo M. Durán Casais (acordo plenario de data 31 de xullo de 2008).
- Nomeamento como fillo adoptivo da vila do Ilmo. Señor D. Gerardo Fernández Albor (acordo plenario de data 27 de maio de 2010)

Con ocasión do anterior, o expediente de ámbolos dous nomeamentos foi sometido a un período de información pública por un período de 20 días hábiles (BOP A Coruña nº 203 de data 25 de outubro) durante os cales se habilitaba aos interesados a consultar os mesmos e formular as alegacións que tiveran por pertinentes, se ben non foron presentadas alegacións durante o citado prazo segundo se extrae do certificado da Secretaría municipal de data 24 de novembro de 2017.

Na mesma data, os servizos xurídicos municipais emitiron informe, no cal e en síntese se conclúe que acordos referentes ao nomeamento de D. Gerardo Fernández Albor e D. Segundo Manuel Durán Casais como fillos adoptivos do Concello de A Pobra do Caramiñal non foron adoptados pola maioría necesaria de membros da Corporación, estimándose nulos de pleno Dereito por infracción do artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e debendo ser polo tanto revocados en virtude do disposto no artigo 106 da mesma norma.

Por todo o anteriormente exposto, formúlase ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Proponer a declaración de nulidade a nulidade dos acordos plenarios de data 31 de xullo de 2008 e 27 de maio de 2010 referentes ao nomeamento como fillo adoptivo da vila de D. Segundo M. Durán Casais e o Ilmo. Señor D. Gerardo Fernández Albor.

Tal declaración de nulidade atopa a súa xustificación na falta da maioría necesaria de votos para poder levar a cabo a adopción do acordo, ao abeiro do recollido no Regulamento municipal para a concesión de honras e distincións do Concello da Pobra do Caramiñal, no cal no seu artigo 9 establece a necesidade de que tales acordos se adopten por unha maioría de dous tercios do número de dereito de membros da

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

corporación.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta ao Consello Consultivo de Galicia, aos efectos da emisión do preceptivo ditame nos termos do disposto no artigo 106.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 12.g) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, volvendo a elevar a Pleno a presente cuestión cando se reciba o citado ditame para a súa resolución definitiva.